

08

## Prototipicidade, marcaxe prepositiva e suxeito no galego medieval

Alexandre Rodríguez Guerra  
Universidade de Vigo

**Resumo\_** Na presente investigación estúdase a configuración sintáctica que adoptan os argumentos Estímulo, Entidade e Suceso, analizados tradicionalmente como suxeitos, cos verbos de sensación, conveniencia e suceso no galego medieval. Con base nun corpus dos ss. XIII a XV, analízanse as realizacións deses argumentos dende diferentes criterios (tipos de unidade, animación, marcaje...). Alén das raíces latinas destas construcións, reflexiónase sobre a (non) prototipicidade destes constituíntes argumentais á luz, fundamentalmente, da marcaje prepositiva nalgúns esquemas construcionais no galego medieval.

**Palabras chave\_** Galego medieval; lingüística histórica; sintaxe; suxeitos; (non) prototipicidade; marcaje prepositiva.

**Sumario\_** 1. Limiar. 2. A (non) prototipicidade dos suxeitos explícitos no galego medieval e a marcaje prepositiva. 3. Marcar ou non marcar: os verbos de sensación, conveniencia e suceso no noso corpus. 4. Orixe latina. 5. Aproximación funcional. 6. Conclusións. Agradecementos. Referencias bibliográficas.

### **Canonicity, prepositional marking and subject in medieval Galician**

**Abstract\_** The aim of this paper is to study the syntactic configuration adopted by the arguments Stimulus, Entity and Event, traditionally analyzed as subjects, with the verbs of sensation, convenience and event in medieval Galician. Based on a corpus of the 13th, 14th and 15th centuries, we analyze the realizations of those arguments from different criteria (grammatical units, animacy, prepositional marking...). In addition to the Latin origins of these constructions, we reflect on the (non-)canonicity of these arguments, fundamentally, from the prepositional marking in some syntactic schemes in medieval Galician.

**Key words\_** Medieval Galician; historical linguistics; syntax; subjects; (non-)canonicity; prepositional marking.

**Contents\_** 1. Introduction. 2. (Non) Prototypicality of explicit subjects in medieval Galician and prepositional marking. 3. To mark or not to mark: the verbs of sensation, convenience and event in our corpus. 4. Latin origin. 5. Functional approach. 6. Conclusions. Acknowledgments. References.

Alexandre Rodríguez Guerra. Orcid 0000-0002-2022-8243. xandre@uvigo.gal. Universidade de Vigo. España.

Como coordinador do grupo TALG (Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega), desenvolvín esta investigación no marco dos proxectos de investigación PID2019-105411GB-I00 e mais PID2020-113491GB-I00, financiados polo Ministerio de Ciencia e Innovación.

## 1.

**Limiar**

A función sintáctica de suxeito adoita incluírse entre os universais lingüísticos e nas linguas nominativo-acusativas indícase que o único argumento en estruturas monoargumentais (S) se iguala co primeiro argumento nas biargumentais (A) (véx. García-Miguel, 1995a: 49-58 e Onishi, 2001). Agora ben, a pesar de que semella que estamos diante da función sintáctica argumental máis doadamente identificable<sup>1</sup>, o certo é que hai quen como Elvira (2012: 3) cuestiona o carácter de universal e ve na noción de suxeito gramatical “una categoría compleja y problemática” que, de entrada, “adquire validez y sentido sólo dentro de la familia de las lenguas nominativo-acusativas”. Despois de revisar diferentes comportamentos dos suxeitos en castelán, Elvira (2012: 7) conclúe que “el concepto de sujeto no solo tiene un carácter relativo y difuso desde el punto de vista tipológico, sino que también lo es en el interior de una misma lengua”, e engade que “la definición del sujeto no resulta tampoco fácil de formular sin tener en cuenta la construcción correspondiente”.

Unha mostra da complexidade real para o tratamento desta función témola, por exemplo, no traballo xa clásico de Keenan (1976), quen se aproxima á función de suxeito dende unha perspectiva tipolóxica universal e multifactorial, e ofrece unha serie de trinta propiedades dos suxeitos agrupadas en catro grandes grupos (“Autonomy Properties”, “Case Marking Properties”, “Semantic Role” e “Immediate Dominance”), para poder identificar os suxeitos en calquera idioma. Certamente, a combinación de parámetros diferentes apunta para unha aproximación que subliña a gradualidade na prototipicidade do que pode ou non ser considerado suxeito nas distintas linguas do mundo. Nesta dirección afondan traballos que, cunha orientación tipolóxica e atendendo a particularidades lingüísticas, desenvolven a problemática da non prototipicidade dos suxeitos en xeral e, sobre todo, en linguas concretas (Aikhenvald, Dixon & Onishi, 2001, Seržant & Kulikov, 2013 ou Barðdal, Pat-El & Carey, 2018).

Porén, Lobo & Martins (2017: 27) recoñecen que as linguas romances, que pertencen tipoloxicamente ás nominativo-acusativas, “are not among the languages that make the notion of ‘subject’ particularly difficult to handle”, sobre todo se se empregan criterios de natureza morfosintáctica. Xa que logo, as autoras optan por asumir que “Nominative Case and verbal agreement identify subjects in Romance languages”. Cidrás Escáneo (2012) ofrece unha revisión dende a perspectiva funcionalista da interrelación entre función sintáctica, semántica e pragmática e, nela, a función de suxeito cobra unha especial relevancia. Así, para unha lingua acusativa, a “syntactic figure” do suxeito que este autor diseña identifica formalmente unhas propiedades morfosintácticas nas cales “SU = NP triggering number and person agreement in V; no case marking”, e, para as funcións semánticas, subliña a relevancia das diferentes construcións sintácticas “active, passive, causative...” (Cidrás Escáneo, 2012: 160)<sup>2</sup>.

## 2.

**A (non) prototipicidade dos suxeitos explícitos no galego medieval e a marcaje prepositiva**

No período medieval da lingua galega atópanse algúns verbos que amosan unha variación construcional no seu primeiro –ou único– argumento, que se constrúe (i) con participantes de natureza nominal (ou relativa)

- 1 É significativo que, para o latín, Pinkster (2015: 28) afirme que “the only syntactic function on which Latinists seem to agree is that of the SUBJECT”.
- 2 En Rodríguez Guerra (2022b: 146) realízase un breve repaso bibliográfico polos dous criterios recorrentes para identificar o SU: a concordancia do SU en número e persoa co verbo e mais a ausencia de marcaje prepositiva.

sen marcaxe preposicional, serie (1)<sup>3</sup>, ou (ii) con constituíntes marcados preposicionalmente<sup>4</sup>, exemplos da serie (2), ou de natureza adverbial (3f).

- (1) a) **acaesçeu** *que o soubo Hercoles* (HT 13)  
 b) Pero, senhor, pois m'escolher **conven** (LP 9,11)  
 c) nom **convenem** *que depois falem n/o outro em aquela razom* (AT III, 4/51)  
 d) instrumento ou mais, *quantos lle* **conprisen**, *pera guarda do seu dereito* (PN 1385)  
 e) as [dulçedües] *que* **aplazē** aos omēs moyto (XH 19)

Existe certo consenso en interpretar as secuencias sinaladas na serie (1) como SU sintácticos, sen seren exemplos idóneos: Cidrás Escáneo (1986: 199) confirma que o SU de verbos como *acaecer*, *acontecer*, *avïir* e *convïir* nas CSM é unha "oración subordinada substantiva" (véx. §4 e §5)<sup>5</sup>. Os exemplos documentados no noso corpus medieval<sup>6</sup> similares ás series (1) e (2) pertencen a tres grupos de verbos moi coñecidos: de suceso (*acaecer* e *acontecer*), de conveniencia (*comprir*, *convïir* e a lexía complexa *seer mester*) e de sensación (*pesar* e *prazer*). Agora ben, a situación reflectida nas ocorrencias concretas neste corpus pon de manifesto comportamentos distintos entre eles:

- O verbo *acaecer* explicita o argumento Suceso case sistematicamente, só un terzo deles son oracionais e sempre con *que*. É excepcional este argumento coa preposición *de* e completiva de infinitivo (2a).
- Menos produtivo é o verbo (*a*)*contecer*, que normalmente explicita o Acontecemento a través de unidades frásticas. De novo detéctase un exemplo coa preposición *de* e completiva de infinitivo (2b).
- O verbo *convïir* alterna esquemas co argumento Entidade explícito e sen marcaxe (completivas, maioritariamente finitas pero tamén de infinitivo), e esquemas con ese argumento –completivas de infinitivo– marcado coas preposicións *a* (2c) e *de* (2d).
- Comprir*, na acepción de 'convir, ser necesario', documenta exemplos co argumento Entidade explícito e categorialmente frástico salvo nunha ocasión, con completiva de infinitivo con *de* (2e).
- O único caso no corpus da lexía complexa *seer mester* 'ser necesario', (2f), constrúese cunha completiva de infinitivo precedida por *de*. Xa a lexía complexa latina *opus esse* 'ser necesario' coñecía un esquema en ablativo sen preposición, ademais de se construír en nominativo ou cunha completiva de infinitivo (Folgar, 1993: 125). A partir dos datos da lírica profana (véx. *UC s.v. mester*) verificase que o argumento máis rendible con esta lexía complexa é o de Beneficiario, codificado sintacticamente como CI, pois está presente en máis do 87% dos exemplos; o argumento Entidade queda 30 puntos por debaixo desa cifra e está desempeñado por unidades nominais sen marcaxe (25,5%) "*esto lh'é mester*" (LP 70,21), unidades marcadas preposicionalmente –sempre con *de*– (29,1%) e unidades adverbiais (1,8%). Cómpre salientar que cando este participante está desempeñado por unha completiva de infinitivo, opta pola marcaxe prepositiva en máis do 94% das ocasións, de feito, só hai un exemplo sen ela "*pois calar-me non m'é mester*" (LP 25,137). Entre os exemplos de *UC* non se advirte

3 Nos exemplos os verbos destácanse en negra e os argumentos en cursiva. As funcións sintácticas citadas son: suxeito=SU, complemento directo=CD, complemento indirecto=CI e complemento oblicuo=CO (véx. Rodríguez Guerra, 2018: 187-188). Para as abreviaturas dos textos medievais véx. *CIGPA*.

4 O exemplo da *CI* editado por Souto Cabo como "agora (a) nos et nosos irmãos cardeaes, [...] te rogamos *que*" (Vasques, 2001: 79) é completamente distinto dos que aquí se estudan. Este suposto pronome persoal tónico *SU nós* con preposición *a*, é realmente "un lapsus do amanuense" ou un "abandono dunha construción sintáctica para adoptar outra" (Ares Vázquez, 1991: 51).

5 Co actual verbo *acontecer* Sánchez Rei (2020: 329) identifica o primeiro argumento como inanimado tanto en esquemas monovalentes coma bivalentes con CI, mais documenta uns poucos exemplos que modifican este primeiro argumento que pasa a ser animado / humano, pero con cambio de significado verbal ('enlouquecer').

6 Para a descrición do corpus, así como para a caracterización dos SU explícitos no galego medieval, véx. Rodríguez Guerra (2022b) e, verbo da metodoloxía empregada, Rodríguez Guerra (2018 e 2022a).

ningunha completiva finita, aínda que de xeito esporádico si a detectamos no período medieval, “ca m’é **mester** que me guarde e que me sábia ben consellar” (CSM 282)<sup>7</sup>, sempre sen preposición.

•*Pesar* constrúese sempre co argumento Experimentador (como CI); a metade dos exemplos posúe un argumento Estímulo de natureza frástica marcado coas preposicións *de*, (2g), maioritaria, e *con* (unicamente se rexistra un exemplo do Estímulo, pronome relativo, sen marcaxe prepositiva).

•*Prazer* constrúese con dous esquemas básicos, os dous biactanciais e sempre co argumento Experimentador –como CI–: co argumento Estímulo sen marcaxe, “Pois *est’a* Deus non **praz**” (CSM 118), ou, fóra dos exemplos con adverbio pronominal (3f), con este constituínte marcado coas preposicións *de*, (2h) e (2i), e *con* (3h).

- (2) a) Et **acaefçendo** *de non fe nomear voz en este dito foro* (PN HGPg 243; s. XIV)  
 b) dizemos quelle **acôtesçeo** *dea auer desta* (XH 19)  
 c) ca, se sse quiserẽ coller aa vila, **cõũjrlles ha** *a passar per nós* (CT 219)  
 d) ca uos **cõuerrá** *de sofrer mays que nós* (CT 219)  
 e) non me **comprira** *de melhor seer* (LP 9,13)  
 f) Ca *de viver mais* non m’era **mester** (LP 7,14)  
 g) et **pesouille** *daquel colpe que fezera* (XH 20)  
 h) et amoytos dias despoys **plougo** *aambos de fazer a Deus sacrificios* (XH 10)  
 i) Et el rrey **prouguelle** *de curaçõ de como elles fezerã* (TC 29)

Dada a rendibilidade do verbo de sensación *prazer* ‘pracer, agradar, deleitar’, analizamos os máis de 220 exemplos da poesía profana medieval fornecidos no UC (s.v. *prazer*,<sub>1</sub>). En primeiro termo e con independencia do esquema sintáctico, o argumento Experimentador nunca falta, sempre como CI. En segundo lugar, en algo máis da metade das ocorrencias deste verbo non se explicita o argumento que funciona semanticamente como Estímulo (da sensación), recuperable contextualmente, “Moyr’eu e **praz** me” (LP 125,25). Cando este participante aparece expreso, vai introducido por preposición en case o 55% dos exemplos (cunha clara preferencia por *de* fronte a *con*, nunha relación de 9 a 1) e sen ela no 45% restante.

Verbo dos tipos de unidade que adoitan encher este oco argumental con (*a*)*prazer*, hai practicamente o mesmo número de exemplos de completivas (os dous terzos son de infinitivo) ca de unidades non oracionais. Agora ben, cando este constituínte Estímulo non vai precedido de preposición, está configurado maioritariamente por unidades non oracionais (66,7%) e entre as completivas predominan (máis do 81%) as de verbo finito. Mais con *prazer* seguido da preposición *de* son as estruturas oracionais as máis rendibles (72,5%) e, delas, o 86,5% son de infinitivo; *prazer con* neste corpus só se detecta seguido de unidades frásticas (táboa 1).

	%	Completivas de infinitivo	Completivas finitas	Unidades non oracionais
(A) <i>prazer</i> + CI	+...	8,6	72,2	60,4
	+ <i>de</i> +...	91,4	27,8	26,4
	+ <i>con</i> +...	-	-	13,2

Táboa 1. Tipo de unidade do participante Estímulo con (*a*)*prazer*.

7 Véx., para o castelán medieval, Suárez Fernández (1997: 75).

Certamente, a preferencia pola opción prepositiva con *de* cando o que segue é unha completiva de infinitivo, (3a), é moi acusada, son excepcionais exemplos sen ela como (3b), pero existen; pola contra, se a completiva é unha oración construída con verbo finito, algo menos das tres cuartas partes prefiren a opción aprepositiva, (3c), fronte á prepositiva, (3d)<sup>8</sup>. Ningún dos exemplos de completivas con *que* se constrúe con preposición, (3e). Se temos en conta só o resto de subordinadas finitas (excluíndo *que*), o 71,4% delas presenta *de*.

O modo verbal do participante introducido por *de* (seguida de *como*, *quanto* ou *o que* pero, como se indicou, nunca *que*) é sempre o indicativo (maioritariamente no presente). Cando a completiva non está marcada pola preposición, en algo máis das tres quintas partes está en subxuntivo (sobre todo presente e pretérito) e o resto en indicativo (basicamente pretérito e futuro)<sup>9</sup>.

Coas unidades non oracionais, a proporción entre a escolla con e sen preposición equilíbrase, aínda que é favorable á opción aprepositiva, o que se xustifica en boa medida porque case hai unha vintena de exemplos construídos co adverbio pronominal *én* (3f). Coas outras unidades nominais prefírese a opción prepositiva, (3g). Polo que se refire a *prazer con* só introduce unidades frásticas que están monopolizadas, case nas tres cuartas partes dos seus exemplos, pola estrutura: *con* + (artigo +) posesivo + *morte* (3h).

- (3) a) Mais **prazer-m'ia** *de morrer* (LP 100,6)  
 b) senhor fremosa, mui de coraçõ | me **prazeria** *morrer* (LP 149,2)  
 c) E **prougue**-mi de coraçõ | *quanto mha senhor dizia* (LP 88,16)  
 d) pero lhi **praz** *de quanto mal mi ven* (LP 133,3)  
 e) poys [a] mha senhor non | **praz** *que eu moyra* (LP 73,4)  
 f) E ben vus juro, senhor, que m'é ben | con [a] mia morte, pois a vos **praz** *én* (LP 7,14)  
 g) ca sei que vos **praz** *do meu ben* (LP 92,4)  
 h) e *con mia morte* ja me **prazeria** (LP 125,40)

Verbo da posición do Estímulo en relación a *prazer*, no corpus do UC a presenza ou ausencia de preposición non é relevante, o significativo é o tipo de unidade, pois, fóra dos relativos (con e sen preposición, antepostos), as preferencias son as seguintes: as unidades oracionais finitas aparecen sempre pospostas, as completivas de infinitivo só se antepoñen nun exiguo 5,7% dos casos e, coas frases, a anteposición é do 18,2%, 38,1% se non temos en conta os adverbios pronominais (con eles non se rexistra ningún exemplo de anteposición)<sup>10</sup>.

### 3.

#### Marcar ou non marcar: os verbos de sensación, conveniencia e suceso no noso corpus

Certamente, a fase medieval do galego coñeceu exemplos coma os recollidos nas series (1) e (2). Para o seu estudo conxunto nesta epígrafe, nomearemos os primeiros como argumentos non marcados (A0) e os segundos como argumentos marcados (Am). Os tres grupos de verbos do inicio de §2 contan no noso corpus cun total de 73 ocorrencias e, delas, o 28,8% presentan o esquema con Am. Esta distribución, como se verá máis abaixo, varía sensiblemente segundo nos atopemos diante de verbos de sensación, conveniencia ou suceso.

8 Véx. para o castelán medieval Serradilla Castaño (1997: 176-177).

9 Con estas completivas aprepositivas, se a conxunción é *que* (84,6%) o subxuntivo alcanza o 72,7%. Para o galego moderno Ferreiro García (2003: 413) sinala que as completivas SU con *que* "introducidas por un verbo de afección acostumbran a ir maioritariamente en subjuntivo".

10 A forma *én*, sempre posposta a *prazer*, aparece a carón do verbo (ou do clítico posverbal) en 9 de cada 10 casos (só se intercala o adverbio *muito*). Ademais, *én* ocupa posición de rima en máis do 84% das ocorrencias estudadas.

Algunhas das características xerais resúmense na táboa 2:

%	Con CI	P3 <sup>11</sup>	[Inanim]	Am~A0 posposto	Am~A0 <sup>12</sup>		
					Oracional (conxunción)	Oracional (infinitivo)	Non oracional
Esquemas con Am (28,8)	90	95	86	95	5 / 10	43 / 90	52 / 34
Resto de esquemas (71,2)	67	75	90	39 (75) <sup>13</sup>	29 / 90	3 / 10	68 / 66

Táboa 2. Propiedades segundo o tipo xeral de esquema.

Se contabilizamos só os exemplos con SU expresado lexicamente (A0 explícito), a proporción de CI que os acompañan diminúe ata o 52%, porcentaxe que varía grandemente segundo a tipoloxía verbal (verbos de sensación 100%, de conveniencia 71% e de suceso 29%) e a proporción de P3 diminúe ata o 65%. Unha gradación similar, aínda que cunhas porcentaxes máis elevadas de uso, dáse cos exemplos de Am acompañados por CI: 100%, 80% e 50% para os verbos de sensación, conveniencia e suceso, respectivamente. O argumento Estímulo, Suceso ou Entidade é practicamente sempre e nos dous grupos [+inanimado], aínda que Am está lixeiramente por detrás (os escasísimos exemplos [+humanos] atópanse -case- monopolizados polos verbos de sensación).

O comportamento regular dalgunhas características dos esquemas con Am en comparación cos demais (que quedan como mínimo 20 puntos por debaixo) é significativo: presenza case sistemática do CI, do verbo na P3 e de posposición do Am. Son de notar tamén as preferencias polos tipos de unidade, tal e como xa se apuntou antes para *prazer*: nos esquemas con Am abundan as unidades non oracionais e as completivas de infinitivo, e son excepcionais as completivas con conxunción (nunca *que*). Nos esquemas denominados A0 (con SU explícito ou non), a presenza do CI redúcese ata os dous terzos dos exemplos, do mesmo xeito que se reduce a P3 ata o 75%.

Centrándonos en A0, son maioría os non oracionais seguidos polas completivas con conxunción e, aínda que as hai, son moi escasas as completivas de infinitivo. A posposición de A0 alcanza case as dúas quintas partes das ocorrencias, un 75% sen relativos. En Rodríguez Guerra (2004: 173) ofrécese unha porcentaxe de posposición media dos SU (nos esquemas biargumentais, activos, afirmativos e declarativos) do 29,6%, 37% sen relativos -a 10 e 38 puntos, respectivamente, do rexistrado para A0-.

É transcendente subliñar a marcada tendencia que privilexia a presenza da preposición cando a completiva é de infinitivo fronte ás conxuntivas. Como sucedeu con (*a*)*prazer* (UC), entre as completivas finitas do noso corpus son maioría as de *que* (sempre sen preposición): de feito, só hai un exemplo doutro tipo, (2i), que leva

11 Contabilízanse por separado a P3 e a P6.

12 Interpretéanse as porcentaxes que aparecen á esquerda da "/" dentro de cada esquema no eixe horizontal e as que se sitúan á súa dereita dentro de cada subtipo de unidade no eixe vertical.

13 Esta segunda porcentaxe exclúe do cómputo os A0 que son relativos.

preposición (*de como*). Entre a abundante bibliografía, Mattos e Silva (2008: 224) confirma que no portugués antigo o uso de preposición varía en función “da estrutura sintáctica da completiva”: as de infinitivo “se for o caso, presentan-se precedidas pola preposición”, mentres que “as iniciadas por subordinantes poden presentar-se precedidas de preposición, se o subordinante non for *que*”. Serradilla Castaño (1997: 180), a propósito das construcións de infinitivo como complemento no castelán antigo, afirma que a preposición *de* é “la más utilizada ante infinitivo hasta el punto de convertirse casi en un mero índice de infinitivo”<sup>14</sup> e que é rexeitada nas completivas coa conxunción *que*<sup>15</sup>. Por outra banda, García Cornejo (2006: 236) xustifica o rexeitamento das completivas con *que* a unha preposición introdutoria pola “tendencia a convertir este elemento en el subordinante universal”, que se explica “porque el conector *que* es suficiente por sí mismo para introducir la subordinada”.

O comportamento detectado segundo as tres subclases de verbos é o seguinte: os verbos de sensación son os máis propensos a se construíren en esquemas que priorizan Am fronte a A0 (70%~30%, respectivamente), van seguidos polos verbos de conveniencia que prefiren expresar lexicamente A0 sen marcaxe (58%, por un 42% de Am) e, finalmente, os verbos de suceso só acoden excepcionalmente á marcación prepositiva (nun caso de cada dez). Con estes dous últimos tipos verbais, unicamente van precedidas de preposición as completivas de infinitivo (non na súa totalidade), que son (moi) minoritarias en relación coas unidades –aprepositivas– de A0. Os verbos de sensación son tamén os que máis variabilidade construtiva admiten en Am: son maioría as unidades non oracionais, pero coa marcaxe prepositiva prefírense as subordinadas de infinitivo. A respecto das preposicións para marcar Am a máis empregada é *de* (59%), a única presente nas tres tipoloxías verbais consideradas, seguida de *con* (27%), *a* (9%) e, por último, *en* (5%)<sup>16</sup>.

Dende unha perspectiva cronolóxica, cos tres subconxuntos verbais implicados a proporción de Am documentada no s. XIII (40%)<sup>17</sup> é superior á dos ss. XIV e XV (arredor do 25%) e a explicitación de A0 destaca sobre todo no s. XIV (50%), reducíndose aproximadamente á metade nos séculos XIII e XV. Das tres series de verbos, os de sensación, que son os que contan cun maior número de exemplos, optan por Am nun 30% no s. XIII, un 47,6% no s. XIV e un 25% no s. XV (as proporcións da explicitación de A0 varían moi pouco nos tres séculos e, manténdose baixas, no s. XV alcanzan a cifra máis elevada co 25%). Os verbos de suceso concéntranse, sobre todo, no s. XIV cunha moi baixa presenza de Am (que tamén rexistramos no s. XV) e unha moi elevada explicitación de A0; os verbos de conveniencia, sendo poucos, presentan unha paulatina diminución de Am cos séculos (75% no s. XIII, 20% no s. XIV e 0% no s. XV).

14 Esta investigadora (1997: 162-164) xustifica a aparición das preposicións diante do infinitivo pola extensión no uso do infinitivo a contextos expresados polo xerundio e outras formas nominais e, sobre todo, pola “analogía con las construcciones de sustantivo, que aparecen con frecuencia con preposición, al igual que ocurría en latín” (1997: 164).

15 Serradilla Castaño (1997: 209) baralla catro posibles explicacións: (i) a herdanza latina, (ii) a relación con outras linguas románicas, (iii) a suficiencia de *que* “para reflejar la relación de subordinación” e (iv) a “desemantización de las preposiciones en español medieval”.

16 Que algunhas combinacións non xurdan no noso corpus débese interpretar, de inicio, en termos de rendibilidade (moi) baixa, pois, fóra del, temos constancia doutras: por exemplo, infinitivo sen preposición, (3b), cos verbos de sensación ou ‘de + frase’ con verbos de suceso en “Mays *dũa cousa lles auëo bẽ*” (CT 520) –no corpus, *avĩir* ‘acontecer’ documéntase co Suceso explícito como completiva “Aa noyte lle *auëo que sseu camõ o leuou a casa do home bóó*” (LT 44) ou relativo–.

17 As particularidades do verso relacionadas co ritmo, a métrica e a rima seguramente repercutiron nos datos rexistrados neste século (véx. en §2. os resultados específicos de *prazer* na lírica profana medieval).



## 4.

## Orixe latina

Todos estes verbos galegos son continuadores, entre outros, de verbos impersonais latinos de suceso como *accidit*, *contingit* ou *evenit*, de conveniencia como *decet*, *licet* ou *oportet*, e de sensación como *libet* ou *placet* (Bassols de Climent, 1987: 266-267, Ernout & Thomas, 2002: 209-211 ou Pinkster, 2015: 94 e 132-135). Alén doutras opcións construtivas, admitían que unha oración completiva ocupase os ocios argumentais do Suceso, Entidade ou Estímulo, por exemplo (4a), (4b) e (4c).

- (4) a) proinde cum venabere, **licebit** auctore me *ut panarium et lagunculam sic etiam pugillares feras* (Plinio *Epistularum libri decem* 1, 6, 3) [daquela, cando vaias cazar, será conveniente, eu sirvo de modelo, que leves unha paneira, unha botelliña e tamén taboíñas para escribir]  
 b) magno **accidit** casu, *ut...* (César *De bello Gallico* 6, 30, 2) [sucedeu por gran casualidade que...]  
 c) non **lubet** fugere, aueo pugnare (Cicerón *Ad Atticum* 2, 18, 3) [non (me) gusta fuxir, desexo loitar]

Verbo das orixes máis probables das estruturas medievais obxecto de estudo, para os verbos de sensación, Folgar (1993: 123-124) apunta que xa coñecían en latín un esquema impersonal monoactancial só con CI, pero as construcións medievais con estes participantes marcados preposicionalmente xustifícaaas por analoxía con verbos impersonais latinos como *me miseret*, construídos con acusativo de persoa e xenitivo da entidade que orixinaba o sentimento (véx. tamén Rivas & Rodríguez Espiñeira, 1997: 31). Folgar (1993: 124-125) cre que os esquemas medievais dos verbos de suceso –con marcaje prepositiva dese argumento– poden explicarse a través dunha extensión progresiva do uso do adverbio *sic* ‘así’, que podía coaparecer na oración latina coa completiva sen preposición ocupando o oco funcional do SU<sup>18</sup>. En relación con este tipo de construcións cos verbos de conveniencia, Rivas & Rodríguez Espiñeira (1997: 32) manexan o mesmo argumento ca para os verbos de sensación; Folgar (1993: 125-126) xustifica as construcións monoactanciais destes verbos con CI pola analoxía con verbos latinos como *referre* ‘interesar, convir’ que si coñecían empregos impersonais monoactanciais con *ad* + acusativo.

Melis & Flores (2013: 173) asumen que os verbos *prazer* e *pesar* “inherited their behavioral properties from the Latin impersonals that combined with a non-nominative experiencer and a stimulus in the genitive case”.

Pola súa banda, Elvira (2012: 19) lembra tamén que as construcións latinas máis antigas “utilizaron el acusativo para referir al argumento personal y el genitivo servía para referir al origen del sentimiento o modalidad”<sup>19</sup>. Do mesmo xeito que Elvira tamén indica que existiu a posibilidade de que ese argumento aparecese en infinitivo (*venditorem dicere vitia oportet* [cómpre que o vendedor diga os defectos] Cic. *Off.* 3.51) (2012: 19) ou que, xa no latín tardío, podemos localizar construcións con suxeito, non impersonais, con estes verbos (por exemplo, *non te haec pudet?* [estas cousas non te avergoñan?] Ter. *Ad.* 754) (2012: 20), posibilidade estrutural continuada no romance medieval en casos como (adaptado a exemplos galegos) “se vus **pesar**’ *mia morte* e vus **prouguer**’ *mia vida*” (LP 141,3) e moderno “e por lo mesmo **pracenos** a *túa conversa*” (OTM I,58 / 1877, véx. TILG). Insiste Elvira (2012: 20) en que as antigas construcións impersonais latinas acabaron xeneralizando o emprego do SU, pero o argumento que asume ese papel non é o Experimentador senón “el que expresa el origen del sentimiento o modalidad”.

18 Opción que tamén se rexistra no galego medieval: “Et *assy* **acaçe**u per uentura *que*, quando el rey [...] morreu, *que nõ era ãna terra*” (TC 24).

19 Mais non co verbo latino *placet* segundo Elvira (2012: 20), que non rexeu o caso xenitivo para expresar ese valor.

## 5.

**Aproximación funcional**

A asignación funcional a todos estes constituíntes prepositivos medievais non está exenta de controversia e, alén de opinións explícitas máis ou menos rotundas, por veces, a descrición de exemplos semellantes a (3a), (3g) ou da serie (2) móvese case exclusivamente en parámetros categoriais<sup>20</sup>. Entre as investigacións en que se debate sobre a función sintáctica de casos coma os anteriores, hai quen ve nestes segmentos preposicionais unha función idéntica á das unidades paralelas aprepositivas, isto é, SU; e hai quen opina que existe unha variación de esquema cun cambio de interpretación funcional e analízanse como CO (cunha lectura impersoal da secuencia).

Verbo da primeira das propostas, abundan as opinións que defenden a identificación funcional como SU dos segmentos prepositivos como *de morrer* en (3a) ou os incluídos na serie (2):

- Para o galego medieval, García Gondar (1978: 96) asígnalles esta función ás dúas subordinadas de infinitivo flexionado con *convñir* precedidas da preposición *de* porque considera que esta é un elemento “expletivo”.
- Meilán García (1991: 67) confirma que no castelán medieval “son numerosísimos los casos en que un infinitivo precedido de la preposición *de* actúa como sujeto”, sobre todo cos verbos *plazer* e *convenir*.
- Martínez García (1992: 635) descarta para o castelán a análise como suplemento (isto é, CO) destas completivas de infinitivo con *de* porque, no esencial, (i) “la preposición no parece regida por el verbo, sino más bien por el infinitivo” e (ii) “de tratarse de estructuras suplementarias, debieran admitir sujeto léxico, cosa que no sucede”; ademais, engádese que o “núcleo verbal” aparece “inmovilizado en tercera persona singular” e que a preposición *de* aparece “únicamente con infinitivo y no con otro tipo de sintagmas” (1992: 636)<sup>21</sup>.
- Tamén para Rivas & Rodríguez Espiñeira (1997: 34-36) estes casos rexistrados no período medieval da lingua castelá son SU preposicionais. Argumentan que a preposición está desprovista “de valor significativo” e que non é unha marca regular porque nin “está sujeta a una regla fija”, nin a súa presenza implica “una contraposición (en relación con la correspondiente fórmula no preposicional) entre dos modos de conceptualizar la misma realidad” (1997: 34).

Noutras oportunidades a interpretación como SU non é tan categórica:

- Serradilla Castaño, por unha banda para os verbos medievais como *plazer*, *pesar*, *cumplir* ou *membrar*, seguindo a Cano Aguilar<sup>22</sup>, confirma que, con ou sen preposición *de*, o “sintagma de ‘cosa’ realiza la misma función: sujeto” (1997: 85) e para *convenir* “es frecuente el sujeto infinitivo con **A**” (1997: 179), mais, por outro lado, para o verbo *plazer* indica non tan categoricamente que co sintagma introducido por *de* “no parece que estemos ante un complemento regido sino ante un sujeto” ou “parece ser el sujeto” (1997: 92 e 92, n. 101, respectivamente).

20 Véx., por exemplo, García Cornejo (2006: 193) para o verbo *plazer* no castelán medieval. Dentro do capítulo dos verbos esencialmente impersoais do francés antigo, na *GGHF* indícase que os de “procès psychologique”, coma *plaisir*, “Ils sont bien plus fréquemment suivis d’une séquence infinitive, prépositionnelle ou non” (2020: 1.276), véx. tamén o caso de *être / avoir mestier* (2020: 1.271).

21 Como se comprobou, tanto nas series de exemplos (1) e (2), coma no comportamento descrito cos tres tipos verbais en §3, semella que o galego medieval non se vería afectado por estas restricións.

22 Para quen o emprego da preposición *de* “con los infinitivos sujeto de *convenir* puede considerarse como contagio sintáctico de la perfrasis *aver de*” (Cano Aguilar, 1977-1978: 339).

•Por veces, estes exemplos construcionais son unha posibilidade máis dentro das completivas subxectivas: así, para os verbos *prazer* e *convñir* do portugués arcaico, Mattos e Silva (2008: 222) indica que se poden construír con “completivas subjetivas introducidas por *que* ou no infinitivo” e, no primeiro caso, “ocorrem sem as preposições *a* e *de*” e, no segundo, “a *prazer* segue-se a preposição *de* e a *convñir*, a preposição *de* ou *a*”; para o italiano antigo, Dardano trata as “*soggettive introdotte da verbi impersonali*”, con verbos impersoais coma *avvenire*, *bisognare*, *convenire*, *piacere* etc, e na sección correspondente a estes verbos coas completivas de infinitivo, engade que “notiamo innanzi tutto che alcune infinitive assumono un segnacaso rappresentato dalla preposizione *di*” (2012: 157), marca de caso presente con verbos coma *bisognare* ou *piacciavi*, mais ausente noutros coma *convenire*.

Por último, hai quen defende con maior ou menor clareza unha lectura funcional como CO (diferenzas terminolóxicas á marxe) e/ou o carácter impersoal da construción:

•Folgar sostén que cos verbos do castelán medieval *pesar* e *plazer* estamos diante de esquemas sen SU pero cun CO “en forma de frase preposicional (introducida maioritariamente por la preposición *de*) y sustituible por el adverbio pronominal *ende*” (1993: 122). Cos verbos de suceso sucede outro tanto: admiten un esquema impersoal con CO conformado por “frases preposicionales (cuya preposición es *de*)” e que “son sustituibles por adverbio” (1993: 123).

•Elvira interpreta como herdeiros dos verbos impersoais latinos xa vistos “los impersonales del castellano medieval”, que “se atuvieron a una sintaxis más homogénea y tendieron a generalizar el mismo régimen preposicional con *de* para expresar el origen del sentimiento o conveniencia” (2012: 19), réxime preposicional que non é exclusivo da preposición *de*, pois Elvira tamén rexistrou exemplos de *plazer* coas preposicións *con* ou *por* (2012: 20).

•Melis & Flores, a partir dun exemplo do castelán medieval similar a (3g), observan que, ademais do “dative experienter”, o verbo *plazer* “takes a stimulus realized as a prepositional phrase, thus appearing in a construction of ‘impersonal’ character” (2013: 173). Na explicación histórica de como o verbo *gustar* en castelán foi relevando a *placer* salientan que o que *gustar* non asumiu foi “the oblique (prepositional) stimulus” (2013: 173, n. 8).

•En Rodríguez Guerra (2022b: 147, n. 6) xa indicamos que estes argumentos non se contabilizaban como casos de SU. A presenza regular de *de*, sobre todo con *prazer*, fai que os editores dos textos galegos medievais adoiten coincidir no carácter rexido da preposición: tanto en UC (s.v. *prazer*<sub>1</sub>) coma en Tato Plaza (1999: 365 e 367, s.v. *de*), inclúese *prazer de* (tamén *prazer con* en UC) entre os casos de preposición rexida polo verbo. García Gondar tamén incorporou un exemplo de *prazer + de + infinitivo flexionado* entre os “infinitivos rexidos pola preposición *de*” (1978: 117). En xeral, no galego medieval podemos corroborar que no oco do CO as tres preposicións máis empregadas son, en orde decrecente de uso, *de*, *en* e *a*<sup>23</sup>. E como “el carácter no marcado de una preposición se refleja indirectamente en su frecuencia de empleo” (García-Miguel, 1995b: 99), no caso que nos ocupa, fóra dos posibles valores históricos asociados a Orixe e de usos derivados do xenitivo latino, *de* é, probablemente, a preposición relacional menos marcada.

Como se puido comprobar en (3f), o adverbio pronominal *én* ten como antecedente a frase preposicional “con [a] mia morte” e, como se observa en “e **prazer**-mi-á máis *én* | ca *de viver*” (LP 149,2), *én* e un infinitivo precedido pola preposición *de* comparten os dous membros dunha estrutura comparativa de superioridade. Alén

23 Sánchez Rei (2010: 105) confirma que no galego actual predominan tres preposicións no CO (argumento A<sub>4</sub>): *a*, *de* e *en*.

diso, na lírica profana o SU do infinitivo, cando este vai precedido por *de* e dependendo de *prazer*, aparece explicitado en, polo menos<sup>24</sup>, un 15,6% das ocasións: “se a ela praz de lhi *eu* querer ben” (LP 145,6)<sup>25</sup>.

Por todo o anterior, cremos que, sintacticamente, estas construcións no galego medieval acabaron de traspasar as estremeiras da órbita dos SU e comezaron a acaroarse á dos obxectos. Neste sentido, na reinterpretación que afasta estes segmentos introducidos por preposición do primeiro argumento destas oracións algo ten que ver, non só o feito de que ese primeiro oco xa se encha –regularmente– a través da entidade humana cuberta por medio do CI, senón tamén as características, pouco prototípicas, dos SU con estes verbos: habitual ou sistematicamente oracionais, sen a posibilidade de asumir o control propio dun axente e, como unidades pesadas, practicamente sempre posverbais (véx. Cabeza Pereiro, 1997: 25-35). Coa marcaje prepositiva, avánzase un paso máis, o definitivo, na constatación de que, tanto semántica coma sintacticamente, estamos diante dunha unidade estraña para ocupar o oco do SU, función sintáctica que se opta por deixar baleira. Moure, dende unha perspectiva non-discreta, é concluínte cando afirma que “fóra deste caso, [exemplos do tipo *aí o vai*] as cláusulas do galego non marcan os seus suxeitos coma se fosen obxectos” (1999: 756)<sup>26</sup>.

Determinadas evolucións históricas permítennos entender os motivos dalgunhas escollas construtivas que, en todo caso, amosan, dentro da súa complexidade (complexidade que procuramos comprender nas epígrafes precedentes coa análise sistemática das principais peculiaridades que rodearon cada escolla), unhas preferencias nidias e consecuentes dentro dun marco sintáctico máis amplo e coherente. Elvira, por exemplo, interpreta que estamos diante de “construcciones biargumentales ergativas”, marcadas semanticamente fronte á transitiva e, por iso mesmo, “no reciben [...] la habitual codificación estructural por defecto” (2012: 25). Dende unha perspectiva sintáctica xeral, non se trataría doutra cousa que dunha democión ou degradación dun primeiro participante sintáctico –cunhas características que se aproximan máis, de facto, ás dun constituínte obxecto por mor da súa baixa prototipicidade– cara á complementación oblicua, coa confirmación do seu carácter impersoal. A alternancia no ámbito do obxecto (CD / CO) é moito máis coñecida (para o galego moderno véx., por exemplo, Míguez, 2016 ou Sánchez Rei, 2005 e 2010: 78-88). É menos común a que abranque SU e CO, pois non en van Cidrás Escáneo na xerarquización sintáctico-semántica propuxo un “principio de veciñanza”, que sitúa nos dous polos máis afastados da xerarquía, precisamente, o SU e o CO (1998: 577).

## 6.

### Conclusiones

O albo desta investigación permitiunos reflexionar sobre a (non) prototipicidade dos SU no galego medieval dende a perspectiva da marcaje preposicional. Aproximámonos a un dos aspectos máis controvertidos da sintaxe romance medieval e, despois dun estudo de corpus e de examinar outras investigacións, expuxemos cal é o noso posicionamento. Para a súa fundamentación combinamos tres eixes:

- O tipolóxico para entender mellor a variabilidade, a sintaxe da variación e as dificultades no momento de interpretar unha función sintáctica aparentemente doada.

24 Non contabilizamos o exemplo “e a my praz, amiga, d’e[l] morrer” (LP 60,9).

25 Na P1 descoñecemos se se trata ou non do infinitivo flexionado, pero, grazas a García Gondar (1978: 119), sabemos que este contexto non lle era alleo aínda que “na lingua medieval os exemplos tampouco son moi frecuentes”.

26 Para as construcións intransitivas do galego moderno, Soto Andión (2012: 442-444) recompila e analiza hipotéticos SU con preposición e en ningún dos sete supostos considerados defende a existencia de SU preposicionais.

•A coherencia do marco explicativo á hora de propoñer unha lectura que evite adoptar na medida do posible solucións *ad hoc*.

•A adecuación ás dinámicas e características concretas dos exemplos do galego medieval, que non teñen, a priori, por que coincidir (ou discordar) coas das doutras linguas, pero que merecen ser estudadas de xeito independente e rigoroso se queremos ter acceso directo a elas e á súa interpretación.

A aplicación dun marco congruente coas escollas medievais, non perde de vista nin as súas orixes, nin tampouco os resultados actuais. Por moi fascinador que se antollase falar en termos de ‘buligar constante e (case) aleatorio’ de diferentes modelos construtivos no período medieval (e malia que se nos escapen moitas das claves para a súa correcta e completa descodificación pragmático-lingüística), o certo é que os camiños percorridos en diferentes etapas, tamén na medieval, procuraron explorar distintas solucións para dotar de coherencia sintáctico-semántica unha estrutura, cando menos, pouco representativa: ( $\alpha$ ) cun argumento Experimentador / Beneficiario case sempre cuberto por unha función que non era a de SU senón a de CI<sup>27</sup>, e con outro argumento Entidade / Estímulo coa capacidade de se interpretar como SU sintáctico, aínda que escasamente prototípico.

( $\beta$ ) A construción alternativa no galego medieval mantén o argumento Experimentador / Beneficiario como CI e coa marcaje prepositiva do participante Entidade / Estímulo, inicialmente SU sintáctico pero coas características prototípicas dos obxectos, achégao definitivamente á complementación oblicua. É probable que a introdución da preposición se realizase, primeiro, con *de* (non só pola existencia, e posterior extensión, de contextos latinos en xenitivo, senón pola propia potencialidade da preposición menos marcada), e preferentemente nas completivas de infinitivo<sup>28</sup> (espazo distribucional propicio para ela tanto polas rexencias preposicionais con CO xa existentes, coma polo seu uso precedendo as formas auxiliadas en infinitivo).

En §2 e §3 verificouse que o comportamento dos diferentes verbos variaba grandemente, mais o evidente é que esta segunda estrutura marcada preposicionalmente, ( $\beta$ ), foi deixando de ser empregada progresivamente a favor da primeira<sup>29</sup>: unicamente detectamos, nunha revisión non exhaustiva, un exemplo de *pracer* con *de* (5a) a finais do s. XIX e outro, de comezos do s. XX, con *en* (5b), seguidos os dous de completiva de infinitivo.

- (5) a) ¿Cando che **pracerá de poñer fin ás miñas ansias?** (López Ferreiro: *Tecedeira* / 1895, véx. *TILG*)<sup>30</sup>  
b) **Prácenos en pór de manifesto a súa xenerosa conduta** (Nós 18 / 1923, véx. *TILG*)

Agora ben, unha proba da tendencia dos falantes, de calquera tempo e lugar, a prototipizar determinadas estruturas pouco regulares ou infrecuentes rexístrase, no caso que estamos a analizar, nalgúns casos –non moitos– detectados xa dende o s. XIX. A finais dese século e a comezos do seguinte, localízanse exemplos como (6a), (6b) e (6c), cun SU humano e *pracer* en construción pronominal, rexendo as preposicións *en* ou *de*: [alguén] *pracer+se* [*en* / *de* algo] (SU-Vse-CO)<sup>31</sup>.

27 Van Valin Jr. confirma que “oblique subjects often occur in the dative case in many languages” e propón interpretar o dativo como un caso estrutural ou productivo e sen “any inherent semantics” (2018: 115 e 128).

28 En Mensching (2017: 375-377) dispoñemos dun resumo dalgúns empregos preposicionais con infinitivo en diferentes linguas románicas actuais e con diversas preposicións; para o catalán actual en *IEC* (2016: 1.009-1.010) descríbense os usos da preposición *de* coas completivas de infinitivo “en funció de subjecte”. Este proceso gramaticalizador, gradual, que si puideron percorrer outras linguas, no caso do galego quedou desbotado, a teor dos datos do corpus, xa na propia etapa medieval.

29 Melis & Flores (2013: 173, n. 8) observan que os verbos *placer* e *pesar*, raros no castelán contemporáneo, “during the period of their decline the non-prepositional uses increased in frequency”.

30 Por causa da súa formación, a lingua de López Ferreiro pódese caracterizar nalgúns aspectos como medievalizante.

31 Descoñecemos ata que punto puido servir de modelo *compracerse en*.

- (6) a) mil punxentes recordos | **se prace** en *espallar* (Pondal: *Queixumes* / 1886, véx. *TILG*)  
 b) **Pracíase** o vello Conde, *en contemprar dende tan riseiro trono, as feiteiras postas de sol* (Porto: *Fermosinda* / 1918, véx. *TILG*)  
 c) **Prázome** da túa mamórea (Porto: *Fermosinda* / 1918, véx. *TILG*)

Os exemplos da serie (6) adiantan, polo menos parcialmente, unha opción construtiva nova, que documentamos no galego actual co verbo *pracer* e que, no canto de se amoldar a algúns dos esquemas xa vistos, presenta, nunha diátese activa, un SU Experimentador prototípico en (7a), e ese mesmo tipo de SU combinado cun CO Estímulo, tamén canónico, en (7b).

- (7) a) *Os nenos da bisbarra prougueron* dabondo, fóra do seu tempo, certo, ao ollaren a zorra do Papá Noel (Prieto: *Folliñas* / 2013, véx. *TILG*)  
 b) **Prouguen** *dela* (Nerium: *Vogar* / 2003, véx. *TILG*)

Non esquezamos tampouco que, dende unha perspectiva tipolóxica, como xa se adiantou, o constituínte argumental dos exemplos recollidos na sección §2 que de xeito máis recorrente mereceu ser identificado como SU non prototípico foi o Experimentador / Beneficiario, codificado sintacticamente como CI<sup>32</sup>. O cambio alcanzado nos exemplos da serie (7) non sorprende en absoluto pois, como expón Seržant (2013: 343), os membros menos prototípicos son menos produtivos e “non-productive patterns are often unstable diachronically”, o que se pode resolver, situados no ámbito do SU, “by the acquisition of prototypical, canonical subjecthood”. En todo caso, non estamos en disposición de saber qué opcións construtivas acabarán callando no(s) galego(s) do futuro e cales acabarán reducidas, simplemente, a un experimento sintáctico máis ou menos ocasional. Conformámonos con ser capaces de pescudar nalgúns dos elos lingüísticos do viero percorrido hai séculos, moitos, pero cos que seguimos vencellados e que foron os que nos trouxeron ata aquí.

32 Trátase dun constituínte que presenta un comportamento (animación, porcentaxe de explicitación, colocación na secuencia...) próximo do dos SU, e a eles se acaroa dende unha vertente non canónica (véx. Barðdal & Eythórsson, 2018, Van Valin Jr., 2018 ou Elvira, 2012, entre outros). Para os verbos casteláns similares a *gustar*, Vázquez Rozas (2006) propón unha lectura baseada na coñecida hipótese paramétrica da transitividade de P. J. Hopper e S. A. Thompson, segundo a cal as construcións destes verbos posúen unha baixa transitividade.

## Agradecementos

A Xosé Antonio Fernández Salgado, experto na sintaxe do galego, beizón polas horas de reflexións compartidas.

## Referencias bibliográficas

Aikhenvald, Alexandra, Dixon, R. M. W. & Onishi, Masayuki (eds.) (2001). *Non-canonical marking of subjects and objects*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.

Ares Vázquez, M.<sup>a</sup> Carme (1991). "O pronome persoal suxeito na prosa galega medieval". En Brea, M. & Fernández Rei, F. (coords.), *Homenaxe ó Profesor Constantino García, I*, 49-55. Santiago de Compostela: Universidade.

Barðdal, Jóhanna & Eythórsson, Thórhallur (2018). "What is a subject. The nature and validity of subject tests". En Barðdal, J., Pat-El, N. & Carey, S. M. (eds.), 2018, 257-273. DOI: <https://doi.org/10.1075/slcs.200.11bar>

Barðdal, Jóhanna, Pat-El, Na'ama & Carey, Stephen Mark (eds.) (2018). *Non-Canonically Case-Marked Subjects*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins. DOI: <https://doi.org/10.1075/slcs.200>

Bassols de Climent, Mariano (1987). *Sintaxis latina*, II. Madrid: CSIC. [1956<sup>1</sup>].

Cabeza Pereiro, Carmen (1997). *Las completivas de sujeto en español*. Santiago de Compostela: Universidade.

Cano Aguilar, Rafael (1977-1978). "Cambios en la construcción de los verbos en castellano medieval", *Archivum*, XVII-XVIII, 335-379.

Cidrás Escáneo, Francisco A. (1986-1987). "A indeterminación do axente na lingua das *Cantigas de Santa María* (I)", *Verba*, 13 (1986), 181-235; (II), 14 (1987), 217-270.

Cidrás Escáneo, F. A. (1998). "Marcaje preposicional de obxecto en galego. Emerxencia e vicisitudes dun proceso de gramaticalización sintáctica". En Kremer, D. (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo, II*, 569-580. Vigo: Galaxia.

Cidrás, Francisco (2012). "On the concept of syntactic function in a functional grammar", *Functions of Language*, 19: 2, 147-173. DOI: <https://doi.org/10.1075/fof.19.2.01cid>

*CiGPA* = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-). *Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela: ILG. Versión 2.1 (2007). <https://ilg.usc.gal/cgpa/> (Consultado o 26.05.2023).

Dardano, Maurizio (2012). "La subordinazione completiva". En Dardano, M. (ed.), *Sintassi dell'italiano antico. La prosa del Duecento e del Trecento*, 120-195. Roma: Carocci editore.

Elvira, Javier (2012). "Construcciones y significado: aspectos diacrónicos de la transitividad en español". En Maldonado, R. (ed.), *Corrientes de estudio en semántica y pragmática históricas*, 1-28. Madrid: Instituto Menéndez Pidal.

Ernout, Alfred & Thomas, François (2002). *Syntaxe latine*. Paris: Klincksieck. [1953<sup>2</sup>].

Ferreiro García, Susana (2003). "Las completivas de sujeto en el esquema 'SUJETO-PREDICADO-CI' en gallego". En Ruiz, L. *et alii* (eds.), *VIII Simposio Internacional de Comunicación Social: Actas, I*, 412-416. Santiago de Cuba: Centro de Lingüística Aplicada. Disponible en [www.cla.cu/simposio/descargar.php?d=1213](http://www.cla.cu/simposio/descargar.php?d=1213).

Folgar, Carlos (1993). *Diacronía de los objetos directo e indirecto (del latín al castellano medieval)*. Santiago de Compostela: Universidade.

García Cornejo, Rosalía (2006). *Morfología y sintaxis de "que" en la Edad Media*. Sevilla: Universidad de Sevilla.

García Gondar, Francisco (1978). *O infinitivo conxugado en galego*. Santiago de Compostela: Universidade.

García-Miguel, José M.<sup>a</sup> (1995a). *Las relaciones gramaticales entre predicado y participantes*. Colección Lalia / Series Maior, 2. Santiago de Compostela: Universidade.

García-Miguel, José M.<sup>a</sup> (1995b). *Transitividad y complementación preposicional en español*. Anexo 40 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.

GGHF = Marchello-Nizia, Christiane, Combettes, Bernard, Prévost, Sophie & Scheer, Tobias (eds.) (2020). *Grande Grammaire Historique du Français*. 2 vols. Berlin / Boston: Walter de Gruyter. DOI: <https://doi.org/10.1515/9783110348194>

IEC = Institut d'Estudis Catalans (2016). *Gramàtica de la llengua catalana*. Barcelona: IEC.

Lobo, Maria & Martins, Ana Maria (2017). "Subjects". En Dufter, A. & Stark, E. (eds.), *Manual of Romance Morphosyntax and Syntax*. *Manuals of Romance Linguistics*, vol. 17, 27-88. Berlin / Boston: Walter de Gruyter. DOI: <https://doi.org/10.1515/9783110377088-002>

Martínez García, Hortensia (1992). "Algunas construcciones de infinitivo no-subsistentes en el castellano actual". En Ariza, M. *et alii* (eds.), *Actas del II Congreso Internacional de Hª de la Lengua Española, I*, 631-641. Madrid: Pabellón de España, S.A.

Mattos e Silva, Rosa Virgínia (2008). *O português arcaico. Uma aproximação. II Sintaxe e fonologia*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.

Meilán García, Antonio J. (1991). *La oración simple en la prosa castellana del siglo XV*. Oviedo: Universidad de Oviedo.

Melis, Chantal & Flores, Marcela (2013). "On the historical expansion of non-canonically marked 'subjects' in Spanish". En Seržant, I. A. & Kulikov, L. (eds.), 2013, 163-184. DOI: <https://doi.org/10.1075/slcs.140.08mel>

Mensching, Guido (2017). "Infinitival clauses". En Dufter, A. & Stark, E. (eds.), *Manual of Romance Morphosyntax and Syntax*. *Manuals of Romance Linguistics*, vol. 17, 369-396. Berlin / Boston: Walter de Gruyter. DOI: <https://doi.org/10.1515/9783110377088-010>

Míguez, Vítor (2016). "Parámetros sintácticos e semánticos das alternancias obxecto/oblicuo: unha comparación entre os complementos con *en* do galego e as construcións conativa e antipasiva", *Estudos de Lingüística Galega*, 8, 167-185. DOI: <http://dx.doi.org/10.15304/elg.8.3049>



Moure, Teresa (1999). "Aspectos da sintaxe do galego desde a perspectiva tipolóxica". En Álvarez, R. & Vilavedra, D. (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ao prof. X. Alonso Montero*, I, 751-766. Santiago de Compostela: Universidade.

Onishi, Masayuki (2001). "Non-canonically marked subjects and objects: Parameters and properties". En Aikhenvald, A., Dixon, R. M. W. & Onishi, M. (eds.), 2001, 1-51.

Pinkster, Harm (2015). *The Oxford Latin Syntax. I. The Simple Clause*. Oxford: Oxford University Press. DOI: 10.1093/acprof:oso/9780199283613.001.0001

Rivas, Elena & Rodríguez Espiñeira, M.<sup>a</sup> José (1997). *La cláusula en castellano medieval: constituyentes funcionales*. Santiago de Compostela: Universidade.

Rodríguez Guerra, Alexandre (2004). "Verbo da orde relativa dos constituíntes oracionais non-clíticos do latín ó galego medieval", *Verba*, 31, 151-186.

Rodríguez Guerra, Alexandre (2018). "A lingua de Martin Codax: os esquemas sintácticos". En Rodríguez Guerra, A. & Arias Freixedo, X. B. (eds.), *O Pergamiño Vindel e Martin Codax. O esplendor da poesía galega medieval*, 185-219. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins. DOI: <https://doi.org/10.1075/z.218.11rod>

Rodríguez Guerra, Alexandre (2022a). "Quix e quere e quero e direivos ña ren: a sintaxe oracional no Pergamiño Sharrer". En Pichel, R. (ed.), "Tenheu que mi fez el i mui gram bem". *Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*, 479-510. Madrid: Sílex.

Rodríguez Guerra, Alexandre (2022b). "Os suxeitos explícitos no galego medieval", *Revista Galega de Filoloxía*, 23, 144-163. DOI: <https://doi.org/10.17979/rgf.2022.23.0.9378>

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2005). "O complemento preposicional perspectivado desde o marco teórico da gramática de valencias". En Rio-Torto, G. M., Figueiredo, O. M. & Silva, F. (eds.), *Estudos em Homenagem ao Professor Doutor Mário Vilela*, 889-900. Porto: Faculdade de Letras da Universidade do Porto.

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2010). *O complemento preposicional en galego. Análise desde a gramática de valencias*. Monografía 6 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña.

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2020). "Gramática de valências e sintaxe dialetal no âmbito galego-português: alguns exemplos práticos", *Madrygal*, 23, 315-333. DOI: <https://doi.org/10.5209/madr.73076>

Serradilla Castaño, Ana M.<sup>a</sup> (1997). *El régimen de los verbos de entendimiento y lengua en español medieval*. Madrid: Universidad Autónoma de Madrid.

Seržant, Ilja A. (2013). "The diachronic typology of non-canonical subjects and subject-like obliques". En Seržant, I. A. & Kulikov, L. (eds.), 2013, 313-360. DOI: <https://doi.org/10.1075/slcs.140.14ser>

Seržant, Ilja A. & Kulikov, Leonid (eds.) (2013). *The Diachronic Typology of Non-Canonical Subjects*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins. DOI: <https://doi.org/10.1075/slcs.140>

Soto Andión, Xosé (2012). "As propiedades do suxeito na construción intransitiva". En Arias Freixedo, B., Gómez Clemente, X. M.<sup>a</sup> & Pérez Durán, G. (eds.), *Sementar para os que veñan: Homenaxe a Camiño Noia*, 439-458. Vigo: Universidade.

Suárez Fernández, Mercedes (1997). *El complemento predicativo en castellano medieval (época prealfonsí)*. Santiago de Compostela: Universidade.

Tato Plaza, Fernando R. (1999). *Libro de Notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

TILG = Santamarina, Antón (dir.), González Seoane, E. & Álvarez de la Granja, M.<sup>a</sup> (s.d.). *Tesouro informatizado da lingua galega (Versión 4.1)*. Santiago de Compostela: ILG. <http://ilg.usc.gal/TILG/> (Consultado o 26.05.2023).

UC = Ferreiro, Manuel (dir.) (2018-). *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. Universidade da Coruña. <http://universocantigas.gal/> (Consultado o 26.05.2023).

Van Valin Jr., Robert D. (2018). "Dative case and oblique subjects". En Barðdal, J., Pat-El, N. & Carey, S. M. (eds.), 2018, 115-131. DOI: <https://doi.org/10.1075/slcs.200.05van>

Vasques, Rui (2001). *Crónica de Santa María de Íria*. Estudo e edizón de José António Souto Cabo. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral / SEG.

Vázquez Rozas, Victoria (2006). "Gustar-Type Verbs". En Clements, J. C. & Yoon, J. (eds), *Functional Approaches to Spanish Syntax. Lexical Semantics, Discourse and Transitivity*, 80-114. New York: Palgrave Macmillan. DOI: [https://doi.org/10.1057/9780230522688\\_4](https://doi.org/10.1057/9780230522688_4)



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

## Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,  
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística  
e Literaria Galega)

### Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)  
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

### Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade da Coruña (España)

### Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)  
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)  
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)  
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)  
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)  
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

### Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)  
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)  
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)  
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)  
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)  
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)  
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)  
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)  
María Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes  
e Alto Douro (Portugal)

### Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)  
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)  
Ángela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)  
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)  
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)  
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)  
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)  
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)  
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)  
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)  
María Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)  
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)  
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)  
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)  
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Marta Segarra, CNRS (Franza) / Universitat de Barcelona (España)  
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)  
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)  
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)  
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

### Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)  
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)  
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,  
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000  
ISSN/ 1576-2661  
ISSN-e 2444-9121  
Deseño/ Novagarda